

ADAPTACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA .  
EDUCACIÓN  
INFANTIL.  
CURSO 2019/2020

TITORA: MARÍA JESÚS VILA LAMA

CURSO: 5º EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO A

TITORA: VANESA BUDIÑO PINTOR

CURSO: 5º EDUCACIÓN INFANTIL GRUPO B

CENTRO: CEIP DE ARZÚA

DATA:12 /05/2020

## 1. INTRODUCCIÓN

Debido ao Estado de alarma iniciado o 14 de marzo de 2020, suspendéronse as clases de forma presencial polo que debemos modificar a nosa actuación durante esta parte do curso.

Debemos recordar que nos atopamos na etapa de educación infantil, etapa na cal os nenos e nenas son curiosos por natureza e polo tanto, debemos explicarlles por qué, sen máis, un día deixamos de ir ao cole, que é o que pasa para que a situación cotiá mudase.

A aula de 4 Anos A conta con 17 alunas e alumnos e a de 4 Anos B , conta con 16 nenos e nenas de 4 – 5 anos.

O alumnado presenta características similares pero téñense en conta características individuais cada alumno/a , e fíxase a atención nun dos alumnos de 4Anos B que presenta Necesidades Educativas Especiais e que recibe apoio das mestras de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.

Como xa se dixo na programación inicial de aula, o CEIP de Arzúa sitúase nos arredores do núcleo do pobo, pero moitas das familias da miña aula viven en aldeas do concello. O seu nivel socio-económico e cultural é medio, a maioría fala galego e adícanse a agricultura e gandeiría principalmente.

## 2. METODOLOXÍA UTILIZADA NO TERCEIRO TRIMESTRE

Debido a situación que estamos vivindo, cando comezou o estado de alarma utilízanse un grupo de whatsapp coas familias de cada grupo para manter un contacto máis directo (previa autorización das mesmas), grupos no cales participan tódalas familias. A partir de ahí, comezamos a propoñer diferentes actividades manipulativas, experimentais, vivencias... pero tamén xurdiu a idea de realizar actividades en papel como fichas. A maioría das familias non teñen problema para acceder ao material que se lles proporciona aínda que dúas desas familias precisan a colaboración do Concello, o cal comezou a prestar o servizo de proporcionar material as familias que o precisaran (imprimen os documentos que se lles proporciona as familias e logo, lévanllas ao seu domicilio). E, por outra banda, unha familia máis, comunicou que non tiñan a

posibilidade de imprimir o material que lles enviaba pero que tampouco se atopan vivindo, durante o estado de alarma, no concello de Arzúa, polo tanto, non teñen acceso a dito material.

As actividades que se propoñen durante este tempo son sempre pensadas para realizar con material non específico, sempre dando alternativas, posto que debemos recordar que nos atopamos en unha situación na cal non podemos saír da casa e polo tanto, preténdese que sexan actividades con materiais que podemos atopar nos nosos fogares, con material de refugallo ou que podemos conseguir na nosa contorna máis próxima.

### 3. ACTIVIDADES MODIFICADAS E REALIZADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

A intención é transmitirles ás familias que esta situación é beneficiosa para os nenos e as nenas posto que poderán pasar máis tempo con eles, aproveitar para facer cousas cotiás do fogar, fomentar a súa autonomía nas labores da casa, que poden facer máis actividades lúdicas que, posiblemente, por mor de estar ocupados/as cos respectivos traballos, non se poderían realizar en unha situación normal, sen esquecer que hai varias familias que seguen traballando por adicarse a actividades do sector primario (agricultura e gandeiría) e do sector servicios (supermercados, persoal sanitario, etc.).

O primeiro que se lles propuxo facer foron manualidades, contos vídeos e outras actividades relacionadas coa situación que estamos vivindo.

Continuamos con diversas manualidades: agasallo para o día do pai, decoración para recordar que comezaba a primavera, manualidades relacionadas co proxecto de centro...

En canto aos demais contados que aarecen na programación inicial do curso, vanse propoñendo tarefas, actividades e fichas onde aparecen actividades de asociación de número – cantidade, grafía de números e letras, engadir cantidades, sumas, formas xeométricas, series, manexo da tesoirá, discriminación visual, coordinación óculo-manual, exercicio da psicomotricidade fina, etc.

Por outra banda, a comezos do mes de abril, envióselles un vídeo onde se lles explica o cambio do mes e as diferentes celebracións e conmemoracións que se celebrarían:

- Día mundial do autismo: 2 de abril;
- Día mundial da saúde: 7 de abril;
- Día do libro: 23 de abril.

A comezos do mes de maio, repetiuse o proceso:

- Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio.
- Día de Europa: 9 de maio.
- Semana das Letras Galegas: do 11 o 15 de maio:

Para cada una destas conmemoracións propuxéroselle ás familias actividades lúdicas nas que ao mesmo tempo se traballaban diversos aspectos as tres áreas curriculares da Educación Infantil.

A comezos do mes de xuño tamén se lles enviará un vídeo para explicar as diferentes celebracións e conmemoracións, así como distintas actividades para trabalar sobre elas.

Con todas estas actividades preténdese reforzar os contidos traballados ao longo do curso, repasar grafías de números e letras, cantidades, sumas, psicomotricidade fina, etc.

Mencionar tamén que as saídas didácticas previstas para o segundo e para o terceiro trimestre foron canceladas debido a imposibilidade de realizalas ao estado de alarma, así como as actividades dos “Comparticontos”, a competición do “Pequexogos”, o Galeatro previsto para a Semana das Letras Galegas, entre outras.

Tamén se lles resaltou ás familias que nestes intres as actividades máis importantes, para una axeitada intelixencia emocional, son que implican máis aos nenos e ás nenas nas labores do fogar, que lles dean autonomía para facer cousas, que fagan, por exemplo, con eles e elas doces, que xoguen no exterior sempre que puidesen e que se divirtan.

#### 4. AVALIACIÓN

Para levar a cabo a terceira avaliación teranse en conta os aspectos traballados ata o 13 de marzo, posto que non se pode ter suficiente información para avaliar segundo o traballado na terceira avaliación dende os seus respectivos fogares.

Algunhas familias que non van informando do traballado, outras familias non poden realizar as tarefas que se lles envían, polo que resulta imposible facer unha avaliación equitativa do progreso do alumnado.

Debemos ter en conta que a observación directa e sistemática é o instrumento principal nesta etapa de educación infantil para realizar a avaliación do alumnado, e ese tipo de observación é imposible levala a cabo nesta situación.

Polo tanto, atenderase aos ítems ropostos pola Consellería de Educación na páxina do XADE, atendendo ao traballado e observado nas aulas de xeito presencial durante os dou primeiros trimestres do presente curso académico.

#### 5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

En canto a información transmitida ás familias, sempre foi a través do grupo de whatsapp, informándoas dos cambios que ían xurdindo, das diferentes actividades propostas, das actividades que os especialistas ían subindo á páxina web do colexio, e resolvendo as diferentes dúbidas que comunicasen.